

Navegadores e buscadores

A rede World Wide Web é un inmenso conxunto de páxinas deseñadas para ser visualizadas nas pantallas dos ordenadores. Para poder ver correctamente as páxinas web precisamos de programas especiais, os navegadores, e para poder atopar a información que precisamos son necesarias unhas aplicacións específicas, os buscadores, que poden ser directorios, metabuscadores ou motores de busca. Nos ímonos centrar nestes últimos, dos que o máis coñecido é Google.

Nun ordenador podes ter instalados tantos navegadores como queiras, non pelexan entre eles; á fin é unha cuestión de gustos.

É importante que se aínda tedes en uso o Internet Explorer 6, de Microsoft, que é o que ven por defecto nas instalacións de Windows Xp, o actualicedes á última versión dispoñible para este sistema, a 8.

Para seguir este módulo convén ter instalados Mozilla Firefox (<http://www.mozilla.org>), Google Chrome (<http://www.google.com/chrome>), que se está convertindo nun dos navegadores máis utilizados.

Descrición

Nas últimas versións, todos os navegadores optaron por ofrecer un aspecto moi similar, presentando en pantalla unicamente os botóns de navegación e a caixa de enderezos. A continuación vemos unha mostra da aparencia de cada un dos navegadores.




Mozilla Firefox



Google Chrome



Internet Explorer



Opera



Safari

Como vemos, o diseño é moi semellante, cos botóns de navegación "Atrás - Adiante", o botón "Home" para ir á páxina de inicio que teñamos predeterminada. e a caixa de texto para escribir o enderezo web. Igualmente, todos soportan a navegación por pestanas, que permite ter abertos varios sitios sen ter que iniciar o programa de cada vez.

En todos se pode personalizar a barra de ferramentas, entrando ao menú de opcións e arrastrando os botóns que queiramos ter na barra de ferramentas ao seu sitio.

Internet Explorer e Safari están dispoñibles só para Windows (Safari tamén para Mac); Firefox, Chrome e Opera están dispoñibles para Windows, Linux e Mac.

- Abre o teu navegador favorito, busca o menú de opcións e tenta personalizar a barra de ferramentas engadíndolle algún botón dos que estean dispoñibles, por exemplo o de "Home" se non o ten, e "Imprimir"

Configuracións básicas

Os programas de navegación por internet veñen cuns axustes por defecto que permiten comezar a navegación pola rede en canto os instalamos; non obstante, existen apartados onde podemos definir cal será o comportamento que esperamos destas aplicacións. Son as configuracións persoais e que poden variar en función do uso que se lle dea ao ordenador (persoal ou de traballo), do número de persoas que o utilicen habitualmente (un so usuario ou compartido), etc.

Para os propósitos deste curso inicial, imos axustar tres configuracións:

1. Establecer a nosa páxina de inicio, que é a que se abre cando executamos o programa.
2. Definir o cartafol no que serán gardados os documentos que descarguemos.
3. Especificar cal é a nosa política en canto ao almacenamento das contrasinais.

Existen outros moitos apartados nos que podemos remexer para personalizar o noso programa favorito, como pode ser o bloqueo de "pop-ups" ou ventás emerxentes, se queremos cargar imaxes ou non, etc. Queda ao interés e ánimo de cada quen buscar estas posibilidades,



Páxina de inicio


A continuación imos repasar algún dos axustes básicos do navegador.

1.- Personalizar a páxina de inicio.



FIREFOX:

1. Menú "Editar" > "Opcións" se estás en Linux ou "Ferramentas" > "Opcións" se estás en Linux para que apareza esta ventá.




2. Cubre o campo "Páxina de inicio" coa que ti prefiras e preme "Aceptar"
3. Clic no botón "Home" e comproba que aparece a páxina que acabas de especificar.



GOOGLE CHROME:

1. Fai clic na icona  que está situada á dereita da barra de enderezos e no menú desplegable que aparece selecciona "Configuración" e, a continuación



Páxina de inicio


☐ Utilizar a páxina «Nova lapela»

☒ Abrir esta páxina:

2. Escribe o enderezo que queiras que se abra cando inicias o programa; por ex.: <http://www.edu.xunta.es>
3. Cerra a pestana e preme o botón "Inicio" (*Home*) e comproba que se abre a páxina da Consellería de Educación.

INTERNET EXPLORER.

1. Vái ao menú... e selecciona "Opciones de Internet" aparecerá esta ventá.



2. No apartado "Pagina principal" elixe a que queiras que se inicie co navegador.
3. Preme "Aceptar" e despois clic no botón de Inicio do navegador para comprobar que a configuración foi gardada.


Descargas

Unha das accións máis frecuentes cando navegamos pola rede é a de descargar un arquivo ao noso ordenador; é dicir traer un documento, imaxe, video... que está noutro equipo e gardalo no noso disco duro.

Unha das dificultades coas que acostuma a atoparse quen se inicia en Internet e na informática en xeral, consiste en atopar os ficheiros que descarga, polo que resulta unha boa idea especificar a carpeta na que queremos que se garde todo o que descarguemos. Faise así:



MOZILLA FIREFOX



GOOGLE CHROME

Na páxina de configuración que xa abrimos no apartado anterior  elegimos a opción "Nos miolos" que aparece á esquerda, e despois:

Descargas

Localización da descarga:

☐ Preguntar onde gardar cada ficheiro antes da descarga

Como podemos observar, en todos os casos ofrécesenos a posibilidade de elixir entre a carpeta predeterminada e outra que nós podemos decidir. Tamén podemos optar por que nos pregunte en cada descarga onde a queremos gardar. É elección de cada quen.

- Abre o teu navegador e tenta cambiar a carpeta na que se gardarán por defecto as descargas. Fai unha descarga de comprobación.
- Volve entrar e cambia a opción para que te pregunte onde queres gardar as descargas. Comproba o seu funcionamento.
- Fai probas cos navegadores que teñas dispoñibles.


Contrasinais

Todos os navegadores dan a opción de gardar os contrasinais dos sitios que visitas e que a solicitan. Resulta cómodo e tentador, pero lembra que é unha opción que só deberías empregar se o ordenador é utilizado unicamente por ti.

Para configurar o comportamento por defecto:



MOZILLA FIREFOX: Menú "Ferramentas" > "Opcións" e na pestana "Seguranza" marcar ou desmarcar "Lembrar os contrasinais dos sitios web"



- Indícalle a Firefox que queres que garde todos os contrasinais excepto os da Consellería de Educación.

 **GOOGLE CHROME:** Na páxina de configuración  eliximos "Cousas persoais" e en

Contrasinais


- ☒ Preguntar para gardar contrasinais
☐ Non gardar nunca os contrasinais

[Administrar contrasinais gardados...](#)

marcamos as nosas preferenzas.

- Proba a facer cambios na páxina de configuración de Google Chrome.

 **INTERNET EXPLORER:**menú "Herramientas" > "Opciones de Internet", e na pestana Contenido > Autocompletar e marcamos ou desmarcamos a opción "Preguntar antes de guardar las contraseñas"



- Indícalle a Internet Explorer que garde os datos dos formularios e que non pregunte antes de gardar os contrasinais.
- Desfai os cambios anteriores.

Historial


Os navegadores gardan un historial dos sitios web que visitamos; desta maneira podemos volver a sitios xa visitados aínda que non lembremos o enderezo. Isto ten un lado negativo nos equipos compartidos, e é que todos os usuarios saben que páxinas (non quen) se visitan dende este equipo, por eso resulta convinte limpar o historial regularmente.



MOZILLA FIREFOX

- Menú "Ferramentas" > "Opcións" > Pestana "Privacidade"


- Utiliza unha configuración personalizada para o historial.
- Mira as opcións que ofrece "Limpar o seu historial recente".





GOOGLE CHROME

- Accede á páxina de configuración  e accede ao historial.




- Marca algunha das casillas de verificación que aparecen ao lado de cada entrada e preme "Eliminar elementos seleccionados"
- Explora as posibilidades que ofrece "Buscar en el historial"



INTERNET EXPLORER.

- Vai ao menú "Herramientas" > "Opciones de internet" > Pestana "General" elimina o historial ou garda unha configuración diferente.
- Sección Historial de exploración.
- "Eliminar" para borrar todo o historial.
- "Configuración" para cambiar os axustes por defecto.
- Se marcamos a casilla de verificación "Eliminar el historial de exploración al salir", o programa borrará o historial cada vez que o cerremos.



Marcadores. Firefox



Todos os navegadores dan a opción de gardar aquelas páxinas que máis visitamos ou as que resultan máis difíciles de lembrar, ou as que máis nos gustan, ou.... son os chamados "Marcadores" (Firefox e Chrome) ou "Favoritos" (I, explorer).

ENGADIR NOVO MARCADOR




Mozilla Firefox


1.- Vai a un enderezo calquera de Internet. Unha vez nel, preme a estrela que está ao final da barra de direccións.



2.- Agora preme o botón "Feito". A páxina quedará nos "marcadores sen ordenar". Podes, nembargantes, seleccionar a "Barra de marcadores" e quedará sempre visible. Tamén podes optar por que apareza no "Menú dos marcadores" e aparecerá cando premas ese

menú.





3.- Outra opción é "Escoller". Aquí podes crear un novo cartafol e gardar os marcadores nel. Podes crear tantos cartafoles como queiras. Crea un e gardao enderezo que teñas en pantalla nel.

4.- Garda varios marcadores. Non importa que páxinas sexan.

5.- Accede ao menú "Marcadores" > "Mostrar todos os marcadores" e mediante a técnica de "Arrastrar e soltar" organiza os marcadores anteriores en cartafoles.

Marcadores. Chrome


ENGADIR NOVO MARCADOR



Google Chrome.


1.- Vai a un enderezo de internet e unha vez cargado o sitio, preme a estrela que hai ao final da barra de

enderezos. Podes gardalo directamente, tal e como ofrece Google Chrome,




, ou

elixir tí mesmo/a o cartafoi



2.- Fai clic en "Selecione outro cartafoi..." e na ventá seguinte



crea un


novo cartafoi e garda o teu marcador nel.

3.- Repite a operación ata que xuntes varios marcadores. Agora os organizaremos.


4.- Preme na icona con forma de chave inglesa que se atopa na parte superior dereita da pantalla de Google Chrome.



e elixe tal como mostra a imaxe inferior.



5.- Na páxina seguinte, localiza os marcadores que gardaches antes e ordéaos seguindo algún criterio. Podes utilizar a técnica de "Arrastrar e soltar" Para crear un novo cartafol preme sobre unha das carpetas existentes co botón dereito do rato e elixe "Crear cartafol"





Complementos básicos.

En moitas ocasións resulta necesaria a presenza dun determinado complemento para unha correcta visualización das páxinas que visitamos; é o caso de páxinas con animacións feitas en Flash (unha gran cantidade de actividades educativas están feitas con esta tecnoloxía) ou páxinas que precisan do complemento Java para ser correctamente visualizadas e acceder a todas as funcionalidades; outro tanto sucede con determinados tipos de arquivo de audio ou vídeo que precisan do seu complemento para poder ser executados directamente no navegador.

Habitualmente son os propios navegadores os que nos alertan de que precisamos instalar determinados complementos para visualizar correctamente a páxina na que nos atopamos.

  Tanto en Google Chrome como en Firefox podemos saber os complementos que temos instalados

escribindo na barra de enderezos  esto dará como resultado unha nova páxina na que se reflexarán os complementos que teñamos instalados.



Microsoft® DRM

Ficheiro: npdrm2.dll
Versión: 9.0.0.4503
DRM Netscape Network Object

Tipo MIME	Descrición	Sufixos
application/x-drm-v2	Network Interface Plugin	nip

Microsoft® DRM

Ficheiro: npwmsdrm.dll
Versión: 9.0.0.4503
DRM Store Netscape Plugin

Tipo MIME	Descrición	Sufixos
application/x-drm	Network Interface Plugin	nip


Windows Media Player Plug-in Dynamic Link Library

Ficheiro: npdsplay.dll
Versión: 3.0.2.629
Npdsplay.dll

Tipo MIME	Descrición	Sufixos
application/asx	Media Files	*
video/x-ms-asf-plugin	Media Files	*
application/x-mplayer2	Media Files	*
video/x-ms-asf	Media Files	asf,asx,*
video/x-ms-wm	Media Files	wm,*
audio/x-ms-wma	Media Files	wma,*
audio/x-ms-wax	Media Files	wax,*
video/x-ms-wmv	Media Files	wmv,*
video/x-ms-wvx	Media Files	wvx,*

 En Internet Explorer 8 o proceso é o seguinte:

Menú "Herramientas" > "Administrar complementos">



Se accedemos a algunha páxina que precise de complementos non instalados, os propios navegadores lanzarán un aviso de que debemos instalalos para visualizala correctamente. Vémolos de seguido.





Mozilla Firefox

www.java.com/es/download/

Java en acción Descargas Centro de ayuda

Java 6

» Java 6

Todos los archivos de descarga de Java

Si desea descargar Java en otro equipo o sistema operativo, haga clic en el siguiente vínculo.
[Todos los archivos de descarga de Java](#)

Descarga gratuita de Java

Descargue ya Java en su equipo.

Version 7 Update 5

Descarga gratuita de Java

» [¿Qué es Java?](#) » [¿Tengo Java?](#) » [¿Necesita ayuda?](#)



Internet Explorer

www.java.com/es/download/

Java en acción Descargas Centro de ayuda

RECURSOS DE AYUDA

- [Instalación de Java](#)
- [Eliminar versiones anteriores](#)
- [Uso de Java](#)
- [FAQ: Preguntas generales](#)
- [FAQ: Mobile Java](#)
- [Opciones de asistencia](#)

¿Cómo puedo comprobar si Java funciona en mi equipo?

No se ha instalado Java

Si no puede ver esta página, compruebe estas configuraciones

1. [Actualizar Java](#)

2. [Actualizar Internet Explorer](#)

3. [Verificar la configuración de Java](#)

Internet Explorer

La página que está viendo usa Java. El sitio web de Microsoft cuenta con más información disponible sobre la compatibilidad con Java.

☐ No volver a mostrar este mensaje.


Más información Aceptar



Cando accedemos a unha páxina que precisa Flash Player e non o temos instalado:



Ao pinchar no botón superior: "Instalar os engadidos necesarios", aparécenos



Facemos clic en "Seguinte" e o complemento instalárase.



Internet Explorer

Este programa, cando detecta a necesidade do complemento Flash, amosa o seguinte cadro de diálogo.

Prememos instalar e listo.



- Abre o teu navegador favorito e comproba se tes instalados os complementos de Flash Player e Java; de non ser así, instálalos.
- Averigua que máis complementos tes instalados. Visor de Pdfs, por exemplo,